



ACTIVIDADES 12-15 ANOS: EXPRESIÓN CORPORAL

A clase divídese en grupos mixtos de 6 a 8 persoas. Os grupos, en orde, deberán cruzar o pavillón o máis rápido posible en liña recta, primeiro os rapaces e logo as rapazas do grupo. As rapazas realizarán o circuito e xusto despois cruzarán o pavillón os rapaces do grupo, pero antes de que o fagan, as rapazas porán obstáculos no seu camiño: bancos, balóns, vallas, etc. Farán unha última vez o percorrido rapaces e rapazas xuntos, axudándose na retirada de obstáculos, e asegurándose de chegar todas e todos ao mesmo tempo.

Trala realización de todos os equipos, farán unha reflexión dentro de cada grupo de como viviron estas diferenzas na realización do circuito, tanto eles como elas, establecendo unha comparación coa vida real, para despois poñelo en común co resto da clase. Os bancos poderían representar a atención e o coidado aos familiares, as vallas serían o teito de cristal no ámbito laboral e os balóns poderían ser os embarazos. Rematar o debate sinalando a importancia de que todas e todos elixamos feminismo.

ACTIVIDADES 15-18 ANOS: LINGUAXE INCLUSIVA

Dividimos a clase en 4 grupos. Estes grupos debatirán ao redor das seguintes preguntas: Que é a linguaxe inclusiva? É importante utilizar unha linguaxe inclusiva? O sexismo na linguaxe contribúe á desigualdade por razón de sexo? A portavoz de cada grupo comparte coa clase as conclusións do seu grupo. Una vez falaran todos os grupos, pasamos ao visionado do seguinte vídeo que dura aproximadamente 2 minutos:

<https://www.youtube.com/watch?v=pJvJo1mxVAE> *Inspirando al futuro sin estereotipos*

Volvemos dividir a clase para que nos grupos reflexionen sobre as mesmas preguntas. Temos modificado a nosa opinión? Expoñemos as razóns de cada grupo, a través da portavoz, á clase.

Para finalizar esta reflexión sobre o uso da linguaxe proporemos a seguinte tarefa. Terán que buscar novas nos xornais que lles chamen a atención e modificalas de xeito que teñan unha linguaxe inclusiva. Podemos utilizar prensa dixital e algún programa de edición de imaxes como Pixrl ou PhotoScape, ou ben facelo da maneira máis tradicional, recortando e pegando, con prensa escrita. O resultado desta actividade colocárase nun taboleiro, onde aparezan as novas reais e ao seu carón as novas modificadas, e se visualice a diferenza entre ambas. Expróbase de forma que se comparta co resto da comunidade educativa.

ACTIVIDADES PERSOAS ADULTAS: #HEFORSHE

No grupo clase visionamos o discurso de Emma Watson ante a ONU, vídeo de aproximadamente 10 minutos.

<https://www.youtube.com/watch?v=263Fz3W8fQM>

Unha vez visto o vídeo dividimos a clase en 4 grupos que analicen as ideas principais que expón Emma no seu discurso, facendo unha reflexión crítica ao respecto. Compartimos as ideas a través do ou da portavoz do grupo na clase. Tras un pequeno debate procedemos a visualizar este vídeo da campaña **#HeforShe** que dura só 1 minuto.

<https://www.youtube.com/watch?v=v7bDI2MCc9Y>

Como actividade final o alumnado elaborará un listado de intercambio de roles referido á súa contorna. Por exemplo: *Se ela pode estudar mecánica, eu podo estudar atención a persoas en situación de dependencia*. Se hai tempo ou dispoñibilidade podemos elaborar un vídeo similar ao proposto para visibilizar este listado. Poderemos compartilo nas redes sociais do centro.